

ciais e de cooperación municipal das deputacións provinciais, así como a coordinación e axuda de comunidade autónoma.

Neste marco de colaboración entre as distintas administracións públicas, e tendo en conta que dende hai tempo nesta consellería non se están a organizar cursos de formación en materias que requiran este tipo de medios, nin está previsto facelo de cara ao futuro, considérase que a cesión da propiedade solicitada facilitaralles ás corporacións municipais de Pedrafita do Cebreiro e de Guitiriz, respectivamente, o cumprimento de fins de utilidade pública e interese social.

Para tal fin, a Consellería de Traballo tramitou os expedientes de cesión, de conformidade co disposto no artigo 35 bis, da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 96 bis, do seu regulamento, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, engadido polo Decreto 238/1998, do 24 de xullo.

Polo exposto e, no uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a cesión en propiedade, a favor do Concello de Guitiriz, do ben moble seguinte: un tractor agrícola marca FIAT, modelo 70-66, matrícula LU-79654-VE, máis o correspondente remolque.

Artigo 2º

Acórdase a cesión en propiedade, a favor do Concello de Pedrafita do Cebreiro, do ben moble seguinte: un tractor agrícola marca FIAT, modelo 70-66, matrícula LE-70115-VE, máis o correspondente remolque.

Artigo 3º

As cesións sinaladas nos artigos anteriores quedan sometidas ás seguintes cláusulas:

a) Os bens cedidos, tal como establecen os artigos 35bis, da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 96 bis, do Decreto 50/1989, polo que se aproba o seu regulamento, destinaranse a fins de utilidade pública ou interese social dos concellos de Guitiriz e Pedrafita do Cebreiro respectivamente. Concretamente destinaranse aos labores de xardinaría e limpeza en ambos os casos.

b) Coa cesión outorgaráselles aos concellos de Guitiriz e Pedrafita do Cebreiro a propiedade dos bens mobles cedidos, comprometéndose estes a realizar

ante a Xefatura Provincial de Tráfico os trámites precisos para o cambio de titularidade dos vehículos.

c) Se o ben cedido non se aplicase ao fin sinalado, se se descoidase ou utilizase con grave quebrantamento, ou se incumprisen as condicións do acordo, considerarase resolta a cesión e o ben reverterá á Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor do deterioramento ou deterioracións que experimentase.

d) Serán de conta das corporacións cesionarias todos os gastos de conservación e mantemento dos bens mobles cedidos.

Artigo 4º

As devanditas cesións formalizaranse mediante acta subscribida polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en quen delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación dos cesionarios.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería de Traballo para ditar e realizar as resolucións e trámites necesarios para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2007.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 23 de febreiro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se regulan os permisos e indemnizacións por razón de servizo derivados do proceso electoral para órganos de representación de persoal ao servizo das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Ante o proceso de eleccións sindicais para representantes da xunta de persoal e membros de comités

de empresa e delegados de persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde que terá lugar neste ano, cómpre establecer o sistema de permisos aos membros das candidaturas, compoñentes das mesas electorais, representantes da Administración nelas, interventores, apoderados das candidaturas e aos electores das devanditas institucións sanitarias.

Xa que logo, esta división, en uso das competencias previstas no Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (DOG nº 56, do 21 de marzo) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do organismo,

RESOLVE:

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto establecer os permisos necesarios para executar o proceso de eleccións sindicais de representantes da xunta de persoal, membros de comités de empresa e delegados de persoas das institucións sanitarias de Servizo Galego de Saúde, que terá lugar nos meses de marzo e abril deste ano, para os membros das candidaturas, compoñentes das mesas electorais, representantes da Administración nelas, interventores, apoderados das candidaturas e aos electores das devanditas institucións sanitarias. Así tamén se regula o réxime de indemnizacións por razóns de servizo para este persoal.

Segundo.-Reunións previas.

Os compoñentes das mesas electorais e representantes da Administración desfrutarán de permisos polo tempo indispensable para asistir ás xuntanzas da mesa electoral, incluídos os desprazamentos fóra da súa residencia oficial. Os ditos desprazamentos, debidamente xustificados, darán lugar a percibir as axudas de custos e gastos de viaxe previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG nº 122, do 25 de xuño) sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Terceiro.-Permisos mesas electorais.

Os membros das mesas, titulares ou suplentes, representantes da Administración, interventores ou apoderados, disporán dun permiso retribuído de xornada completa no día da votación, así como a xornada inmediatamente posterior, sempre que exercesen o seu cargo como membros das mesas. Así mesmo, os membros das mesas, incluídos os que figuran como primeiros suplentes, disporán da licenza retribuída correspondente á garda, quenda, atención continuada ou ben prolongación de xornada que inclúa nece-

sariamente a noite inmediatamente anterior á data de votación, sempre que posteriormente se confirme a súa asistencia ao acto de constitución da mesa no día de votación, aínda que finalmente non forme parte da mesa por figurar o titular.

Os primeiros suplentes que comparezan ao acto de constitución citado e non exercesen o cargo serán compensados co tempo de desprazamento e comparencia, cunha hora na inmediata quenda que lle corresponda traballar, de coincidir a mesa co centro de traballo. De non ser así, serán compensados ademáis co tempo que razoablemente se calcule como de desprazamento.

Cuarto.-Permiso especial para mesa coordinadora.

Os membros das mesas coordinadoras, titulares ou suplentes, de exercerem o seu cargo, disporán de permiso durante os dous días inmediatamente posteriores á data da votación.

Quinto.-Permiso electores.

O persoal que presta servizos nas institucións sanitarias xestionadas polo Servizo Galego de Saúde que teña a condición de elector disporá, en función do lugar da mesa electoral en que exercerá o seu dereito de voto, dos permisos seguintes:

1. De atoparse a mesa electoral no mesmo centro de traballo onde presta os seus servizos, do tempo imprescindible para depositar o seu voto.
2. Cando a mesa electoral estea situada en diferente centro de traballo do que se atopa prestando os seus servizos o elector, pero na mesma localidade, ata un máximo de dúas horas.
3. Se a mesa está situada nun centro de traballo doutra localidade distinta á do centro de traballo do votante, ata un máximo de catro horas.
4. O persoal de cota e zona disporá do permiso correspondente, establecido nos parágrafos anteriores, fóra do horario de consulta, durante o período da xornada correspondente á asistencia domiciliaria.

Nos supostos 2º e 3º demandarase aos electores o xustificante da efectividade do voto, expedido polo presidente da mesa electoral en que exerza o seu dereito.

O persoal que teña unha xornada ou quenda de traballo, que na data da votación non coincida polo menos en catro horas co horario establecido para a apertura da mesa electoral na que lle corresponda votar, non terá dereito a permiso.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional